



## BANDO

### INFORMACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DAS TRADICIONAIS FOGUEIRAS DE SAN XOAN E SAN PEDRO

Polo presente infórmase das seguintes normas e condicións que deben cumprirse para a celebración das Fogueiras de San Xoán e San Pedro 2025:

**PRIMERO.-** Para a realización de luminarias en **zonas de dominio público será preciso contar coa correspondente autorización municipal, que se solicitará ata o día 20/06/2025, inclusive.**

**SEGUNDO.-** Para a realización de luminarias en **terreos privados urbanos ou asimilados, non será precisa a comunicación ao Concello.**

**TERCEIRO.-** Co obxecto de garantir a seguridade das persoas e bens, en tódolos casos, as fogueiras cumprirán os seguintes requisitos:

- O volume do material da fogueira non superará os 4 metros de diámetro nin os 3 metros de altura.
- A separación entre as fogueiras e os edificios, árbores e demais obxectos que poidan resultar danados, será como mínimo de 10 metros.
- Prohíbese a queima de pneumáticos, gomas, plásticos, aceites, etc., e en xeral calquera outra substancia que desprenda fumes tóxicos; así como botar ao lume materiais inflamables ou explosivos ou recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays) aínda que estean baleiros.
- Prohíbense as fogueiras baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, así como nas zonas que nos arredores almacenen produtos inflamables.
- Ao remate da fogueira e, antes de abandonar o lugar desta, os/as responsables da organización coidarán que as cinzas queden totalmente apagadas.
- En tódolos casos os/as organizadores serán responsables dos danos que puideran ocasionar a terceiros.

Non son obxecto de regulación por este bando as comunicacións de queima de restos agrícolas amoreados, nin as autorizacións de queima de restos forestais, cuxa competencia lle corresponde á Consellería de Medio Rural.

Neda, na data que se indica na sinatura dixital.

O Alcalde,  
Asdo. dixitalmente.